



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA E O CONCELLO DE SANTIAGO PARA A EXECUCIÓN DUNHA PARADA DE AUTOBÚS NA RÚA CLEMENTE FERNÁNDEZ SARELA

1. ANTECEDENTES

A Comunidade Autónoma de Galicia, en función do previsto no artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía, ostenta competencias exclusivas en materia de transportes terrestres cando estes discorren integramente por territorio da Comunidade Autónoma, e de execución da lexislación estatal en materia de transportes de mercadorías e viaxeiros que teñan a súa orixe e destino dentro do seu territorio.

En exercicio destas competencias e co obxectivo de fomentar a utilización do transporte público de viaxeiros, nace a necesidade de dotar as paradas recollidas nos títulos de concesión das liñas de transporte interurbano de viaxeiros por estrada da Comunidade Autónoma de Galicia, da capacidade requirida para permitir que a subida e baixada de viaxeiros se produza nas mellores condicións de seguridade.

Ao Concello de Santiago chegan a primeira hora da mañá liñas regulares de transporte interurbano con gran nivel de ocupación por expedición e un elevado número de autobuses coincidentes á mesma hora na mesma parada.

Unha destas paradas está localizada en San Lázaro e o Concello de Santiago non permite que esta acumulación de autobuses se produza na rúa principal xa que orixina graves problemas de tráfico.

Por isto, preténdese adecuar unha zona para a parada e espera de autobuses, nas máximas condicións de seguridade, localizada na rúa Clemente Fernández Sarela.





Ademais, preténdese dotar á dita parada dun refuxio para a espera dos autobuses, que ofrezan ao usuario unha protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas.

2. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA

Considérase xustificada a vontade das dúas entidades de facilitar a coordinación para promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, a través de medidas e actuacións destinadas a mellorar as condicións de seguridade e a comodidade do viaxeiro nas paradas recollidas nos títulos de concesión das liñas de transporte interurbano de viaxeiros por estrada da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e o Concello de Santiago, que permitan construír unha parada de autobús, con capacidade suficiente para a espera de tres autobuses en hora punta, na rúa Clemente Fernández Sarela, en condicións óptimas de seguridade para a subida e baixada de viaxeiros así coma o refuxio necesario para protexelos das inclemencias meteorolóxicas.

O obxecto do convenio comprende as seguintes actuacións:

- Redacción da memoria/proxecto e execución da obra dunha parada que dea cabida ao mesmo tempo a tres autobuses dunha lonxitude máxima de 15m.





A actuación incluírá o retranqueo dos postes de iluminación existentes e outros servizos afectados, sinalados no plano do anexo nº1 do presente convenio.

- Subministro e instalación dun refuxio sobre a zona habilitada a tal efecto na actuación de adecuación da parada.

O Concello de Santiago porá a disposición da Xunta de Galicia as parcelas da súa titularidade necesarias para realizar a actuación.

Unha vez rematadas e recepcionadas as obras pola Xunta de Galicia, o Concello de Santiago, se encargará do seu mantemento e conservación.

4. ESTIMACIÓN DE CUSTOS E FINANCIAMENTO.

O importe das actuacións obxecto do convenio estímase nun máximo de 69.500,00 euros (IVE incluído) que serán asumidos pola Xunta de Galicia na súa totalidade.

O desglose valorado das actuacións estímase do seguinte xeito:

- Memoria/proxecto para adecuación da parada: 6.500,00 €
- Obra de adecuación da parada: 48.000,00 €. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación máis o IVE, e o orzamento de reposición de servizos afectados polas obras.
- Subministro e instalación dun refuxio: 15.000,00 €

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda financiará 69.500 euros con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aplicación orzamentaria 08 02 512A 610.3, proxecto 2016 00296

Este convenio ten natureza xurídica administrativa, sendo de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de





cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público e réxese polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Santiago de Compostela

(Asinado dixitalmente)

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

